


LUIS FREIRE GARCÍA (1914-1997)

Naceu na Coruña, nunha familia humilde, e dende moi xove xa deixaba ver as súas grandes dotes intelectuais. Por necesidades do momento víuse obrigado a estudar unha carreira curta que lle cubrixe as súas mínimas necesidades e máis tarde poderlle facer frente ós gastos dunha familia que ía creando o seu arredor. Fíxose practicante; traballo que desenvolveu, con plena adicación ata ós 57 anos, intre no que ocorreu o pasamento da súa muller e os fillos xa remataran os seus estudos.

Ó longo de toda a súa vida foi un incansable buscador da verdade. O seu único “vicio” foi o dos libros, chegando a ter unha grande e polifacética biblioteca. O resultado desta afición de ler todo canto caía nas súas mans, foi a súa formación enciclopedista e dentro das infinitas ramas do saber que comprende a enciclopedia, Luis Freire decantouse dun xeito especial polas Ciencias Naturais. Con esta premisa, e considerando as súas inquietudes, en lugar de relaxarse e levar unha cómoda vida de xubilado optou por estudar a carreira de Bioloxía na Universidade de Santiago de Compostela, e unha vez licenciado levar a termo a elaboración da tese de doutoramento, que rematou no 1981, presentando e



defendendo o traballo titulado “Macromicetes de la Selva Negra (Santiago)”.

Deseguida compartiu docencia e investigación, tanto oficial na Universidade de Santiago coma privada, deixando un recordo grato da súa capacidade pedagóxica. A pesar de que os seus coñecementos de zooloxía eran amplos, el polarizouse máis de cara á botánica e, en especial, á micoloxía. Nesta ciencia dirixiu varias teses de doutoramento, sendo a primeira delas a titulada: “Macromicetes de pinares gallegos (1985)”, realizada por Marisa Castro, a súa compañeira ideal e inseparable ó longo dos derradeiros vinte anos.

A Luis Freire tiven a sorte de coñecelo na década dos setenta, e dende entón mantivemos unha amizade inquebrantable. Sempre lembrarei os numerosos e longos anaços de conversa que disfrutamos xuntos, nos que debatíamos o divino e

o humano; non só aspectos de micoloxía, senón tamén sobre socioloxía, política, relixión, acerca do máis alá, o concepto de liberdade, determinismo e indeterminismo, etc. Os seus puntos de vista sempre eran defendidos con entusiasmo e coa lóxica aplastante dos seus vastos coñecementos. Entre discrepancias e coincidencias tivemos un enorme respecto mutuo.

Creo que Luis tivo a inmensa sorte de vivir a vida dúas veces. En ámbalas dúas disfrutou e deixou unha estela de boas lembranzas con lexións de amigos, e todo debido a súa gran vitalidade. Lembroo co mesmo talante camiñando baixo o sol abrasador de Castela, Andalucía ou A Mancha e en plena nevada leonesa, baixo cero, e o máis sorprendente é que nas dúas situacións ía vestido coa mesma roupa, ¡roupa de verán!, o que dá unha idea da súa resistencia física. Era inagotable, no campo, na cidade e ata nas salas de festa, lugar onde sempre rematabamos despois dunha longa sesión de traballo ó final dun congreso científico. Empezaba a bailar o primeiro e remataba o último.

Entrañable foi a homenaxe que se lle adicou na Coruña, con motivo do seu 80 aniversario. Aí púxose de manifesto, unha vez máis, a súa inigualable astucia de home

experimentado e intelixente, ó brindarnos un discurso sobor da vida: pasado, presente e futuro, que para min foi unha excelente lección maxistral de filosofía da máis pura tradición aristotélica.

Para rematar darei algúns datos do seu legado científico. Na micoloxía ademais de numerosas publicacións, descubriu tres especies novas: unha en colaboración con José M^a Losa Quintana, *Psathyrella ascaroides* e dúas, con Marisa Castro, *Amanita porrinensis* e *Gyroporus ammophilus*. Pódese lle considerar ó pai da micoloxía galega actual. Tiña publicados libros sobre árbores, cogumelos, cunchas, etc. En especial na conqulioloxía, reuniu unha colección preciosa de cunchas que leva o seu nome e que se atopa exposta ó público no Albergue de Gandarío (Bergondo-A Coruña), que comprende 382 especies. Foi un gran impulsor da Sociedade Galega de Historia Natural, da que foi presidente durante varios anos e un dos promotores e presidente, ata o seu pasamento, do Grupo Micológico Galego.

Creo que para mín foi unha honra disfrutar da amizade de Luis Freire, a quen sempre lembrarei coma un humanista excepcional e sobre todo coma mestre da vida. ¡Luis descansa en paz!

F.D. CALONGE
(Prof. de Investigación do C.S.I.C.,
Real Jardín Botánico de Madrid)